XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, polo que se resolve a inadmisión da denuncia presentada polo representante xeral do Partido Socialista de Galicia – PSOE en relación á existencia dunhas pancartas en Forcarei (doc. RE 512/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 14 de febreiro de 2024 tivo entrada no rexistro do Parlamento de Galicia un escrito do representante xeral do Partido Socialista de Galicia – PSOE no que formaliza denuncia contra o sindicato Comisións Obreiras en relación á colocación por parte deste, dunhas bandeirolas en Forcarei co seguinte contido: *"Verónica Pichel: nin socialista, nin obreira ACOSADORA LABORAL CCOO",* e no que solicita da Xunta Electoral de Galicia que dite resolución na que acorde establecer a obriga de Comisións Obreiras, de retirar as ditas bandeirolas.

2. O 15 de febreiro de 2024, reunida a Xunta Electoral de Galicia, tomou coñecemento do contido de toda a documentación referida.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Examinado o escrito de denuncia presentado, estímase que nela trátanse cuestións alleas á actividade electoral, ás que lles resulta de aplicación a Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical e as disposicións reguladoras da libertade de expresión.

En consecuencia,

ACORDA

A inadmisión da denuncia formulada polo representante xeral do Partido Socialista de Galicia – PSOE, por carecer o seu contido de relación coa actividade electoral ao respecto da cal exercen as súas competencias os órganos electorais.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:30 horas do próximo día 16 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal